

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **10 de decembro 2020**

Ás 17.02 horas do día 10 de decembro de 2020, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifsizecloud.com/6339664>), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste a deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á

ORDINARIA DO DÍA 19 DE NOVIEMBRE DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de novembro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 19 de novembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCÍONS PARA PROXECTOS EMPRESARIAIS OU DE AUTOEMPREGO EN MUNICIPIOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN.-

O Sr. secretario informa dos aspectos máis importantes do concurso así como dos artigos que se modifican.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, manifesta que votará a favor da proposta.

D. Bernardo Varela López, do BNG, di que lle parece unha proposta correctamente deseñada. Roga que desde a Deputación Provincial se visualice unha fórmula para os concellos que non reciben axuda para novos emprendedores e pide apoio para eses concellos que non entran dentro do concurso, aínda que as axudas non chegan ao 75% como estas. Son concellos aos que se lles podería dar unha liña de apoio, porque na actualidade quedan fóra destas axudas para emprendedores.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, di que este concurso é igual ao que se leva facendo no transcurso do pasado ano, non obstante reserva o voto para o Pleno.

D.ª Susana Rodríguez Estévez, del Grupo Socialista, di que reservan o voto para o Pleno e pregunta cantos beneficiarios hai destas subvencións.

A **presidenta da comisión** di que o programa tivo unha gran acollida, comezou xa en 2019, pero non foi fácil poñelo en marcha polas súas características e a idade dos beneficiarios (16 a 30 anos). Estes son fondos europeos e que abarcan aos concellos incluídos en todo o reto demográfico ou que perden poboación. Non inclúe, como moi ben sinalou Bernardo Varela, ao concello de Allariz. Respecto á pregunta de Susana Rodríguez do Grupo Socialista, di que o número de proxectos que se pretenden financiar son 250. Hai presentadas actualmente en rexistro 132 solicitudes; aprobadas en Xunta de Goberno 112; hai 6 pendentes

e 13 foron denegadas por distintos motivos. Do total das solicitudes 60 son mulleres e 52 homes. Alégrase que sexan máis mulleres que homes e de que haxa un movemento de emprendemento de mulleres no rural superior ao dos homes. Moitas empresas desde marzo, pola pandemia, víronse afectadas e por iso ampliase o prazo. Este prazo ampliase ata decembro de 2022. Este proxecto é moi interesante, foi moi ben acollido e dálle unha oportunidade ao rural para sentar poboación.

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, di que lle parece moi interesante que máis da metade sexan mulleres, e pregunta se se pode saber que tipo de proxectos son os que se animan a facer as mulleres no rural.

A **presidenta da comisión** contesta que non ten ese dato neste momento, pero di que hai perruquerías, taxis, cafeterías, pero se quere o dato concreto pódese facilitar.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e do Sr. Caride Domínguez, e a abstención do Grupo Socialista (3), do BNG (1) e de DO (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º) Aprobar a modificación do texto refundido das bases reguladoras das subvencións para proxectos empresariais ou de auto - emprego en municipios rurais de menor poboación, no marco do proxecto EmprendOu, publicado no Boletín Oficial da provincia de Ourense, de data 07 de maio de 2020 (BOP número 107), nos seguintes termos:

Primeiro. A base primeira queda redactada da forma seguinte:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da tramitación, concesión e xustificación das subvencións que outorgue a Deputación Provincial de Ourense, en réxime de concorrência non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de auto emprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense durante o exercicio 2019, 2020, 2021 e 2022, no marco do proxecto EmprendOu.

Segundo. A base Cuarta. Contía, quedará redactada da forma seguinte:

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes consistirá nunha axuda económica equivalente ao 75 % do salario mínimo interprofesional por cada mes de exercicio efectivo da actividade subvencionada, cun mínimo de 6 meses e un máximo de 12 meses. Estes períodos terán que cumprirse antes do 31 de decembro de 2022, data límite ata a que se subvencionarán os proxectos presentados.

Terceiro. A base quinta. Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

2. As solicitudes poderán presentarse en calquera momento dende a publicación da convocatoria e ata o 30 de xuño de 2022.

2º.- Publicar este acordo no BOP e na sede electrónica da Deputación

3º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DO COMERCIO DE PROXIMIDADE E DOS PRODUTORES LOCAIS DE OURENSE E DE GALICIA.-

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da moción e destaca a importancia do noso comercio local, que é vivo e dinámico e xera emprego de proximidade e de calidade, fixando poboación no noso pobo e nas cidades. Non é igual pasar por unha rúa que teña o comercio aberto que por outra que o teña pechado, o que provoca anguria. Pon en valor tamén os produtos quilómetro 0 de alimentación e tamén os de artesanía elaborada por pequenas empresas e por autónomos. O sector do comercio local representa o 13% do emprego e o 14% do PIB galego. Nesta situación actual é máis cómodo comprar por Internet, pero é importante o comercio local polo seu valor engadido. Débese facer valer con respecto aos grandes comercios en liña e debe atraer a atención da cidadanía sobre os seus produtos. A pandemia beneficia ao comercio online. Solicita, polo tanto, axudas directas por esta situación puntual, pero tamén ha de ir máis alá, por isto fan unha proposta ou estratexia a medio e longo prazo. Queren que o noso comercio, a artesanía, gandeiros, agricultores ... teña o apoio da Deputación Provincial de Ourense. Continúa dando lectura aos acordos propostos na moción. Respecto das grandes superficies indica que cando se abre unha gran superficie aos políticos se lles enchen os ollos, porque xera postos de traballo, pero esa gran superficie destrúe outros moitos postos e acaba co pequeno comercio. É un fenómeno xa estudado nos Estados Unidos e están pasando de moda as grandes superficies como ocorre na Coruña. Hai unha sobreexplotación dese modelo. Non queremos que iso pase na nosa provincia. Respecto do esforzo fiscal, ten que ser igual para os grandes que para os pequenos á hora de pagar impostos. Debe haber unha igualdade no impacto fiscal co comercio local. O comercio local paga impostos como o lixo, mentres que os grandes non, e xeran os mesmos residuos. As grandes empresas quedan case exentas de tributos e as pequenas soportan os tributos e os fai menos competitivos, xerando riqueza para o país.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, está de acordo coa filosofía da moción, porque aposta polo comercio de proximidade e tamén está de acordo co censo de produtores locais e con fomentar ou dar axudas directas se hai posibilidade orzamentaria. Lembra que o ámbito normativo europeo é liberal e as accións que lle afectan

non ten claro que poidan ter cabida. Anuncia a reserva de voto para o pleno, sen prexuízo de que alí se poida votar por puntos. Sobre a lei de comercio fala de tratar co sector afectado e iso parécelle correcto. Sobre os impostos está a favor de que sexan xustos e equitativos. Reitera a reserva de voto e que é unha moción que lle resulta de gran interese.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, apoia a moción, pero hai puntos que lle ofrecen dúbidas, sobre todo os referentes ás grandes superficies, que son un tipo de comercio distinto e que ambos están obrigados a convivir. Non están en contra das grandes superficies. Cren que agora non se lle poden poñer portas ao campo, pero nas grandes cidades se está chegando ao límite das grandes superficies pola súa rendibilidade. Anuncia que reservan o voto porque hai matices que explicarán no pleno. En relación co punto 6º di que o Goberno do estado ten enriba da mesa o tema dos tributos do comercio online e se van tomar medidas.

A **presidenta da comisión** di que reserva o voto para o Pleno polos mesmos argumentos expostos polos grupos. Manifesta que lle parece unha moción razoable, pero hai puntos que ofrecen dúbidas xurídicas e outros non dependen de nós. Engade que non se lles pode pedir aos demais o que nós mesmos non facemos nos nosos propios concellos, como ocorre en Allariz. Sobre incentivar ou desincentivar diríxese ao BNG para dicirlle que non cren nas rebaixas fiscais, como as solicitadas durante a pandemia para apoiar ao comercio local ou de proximidade en Allariz. A moción abarca moitos casos e non se centrou no máis importante agora mesmo. Hai moitas cuestións que ofrecen dúbidas, por todo isto reservan o voto para o pleno.

D. Bernardo Varela López, do BNG, agradece o ton construtivo do resto dos grupos. Di que Álvaro Vila ten razón, fálase da taxa Tobin desde hai anos, pero non se toma a decisión para poñerlle freo. Respecto ao que dicía o Sr. Caride Domínguez di que hai que igualar o campo de xogo, pode haber grandes superficies pero para o pequeno comercio é demoledor, xa que hai que igualar as condicións. Unha gran superficie xera emprego, pero pecha o de moitas rúas. Respecto ao que dixo a señora presidenta, di que non ten inconveniente, pero se quere ao final de ano falan. Di que non dan axudas directas en Allariz, pero emprenden outras accións. Ao final de 2021 terán datos obxetibables sobre o impacto no comercio, a hostalería e sobre os autónomos poderemos ver os datos. Espera que nos vaia ben en toda a provincia e tamén en Allariz. Loitamos polo noso comercio e polos nosos produtores e para evitar a despoboación dos nosos concellos.

D. José Miguel Caride Domínguez, deputado non adscrito, di que se poden pedir fórmulas de reequilibrio e axudas económicas ou técnicas para que convivan as grandes superficies e o comercio de proximidade.

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e co voto favorable do BNG (1), e a abstención do Grupo Popular (5), do Grupo Socialista (3), de DO (1) e do Sr. Caride Domínguez, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- A Deputación de Ourense elaborará un censo dos produtores locais de cada un dos concellos da provincia.

2º.- A Deputación de Ourense, co obxectivo de fomentar o coñecemento dos nosos produtores, daralle a difusión precisa entre a veciñanza e os comercios locais, favorecendo as sinerxias entre eles. Fomentando o tecido produtivo e comercial local, polos medios que se consideren oportunos.

3º.- Instar á Xunta de Galiza a crear axudas directas e incrementar as existentes con cargo aos seus orzamentos para o comercio de proximidade e os talleres e empresas de artesanía.

44.- Grandes superficies:

1. A Deputación de Ourense comprométese a desincentivar a instalación de grandes superficies na provincia de Ourense e insta á Xunta de Galiza a oporse á súa instalación no resto do país.

2. Instar á Xunta de Galiza á creación dun novo imposto ás grandes superficies, cuxa recadación se destine a axudar ao comercio de proximidade e pequenos produtores locais.

5º.- Instar á Xunta de Galiza a crer unha nova lei de comercio que poña fin á liberalización promovida polo PP, pactada co sector e que recolla as súas demandas en materia de horarios, apertura de festivos ou para fixar o período de rebaixas, cuestións todas elas que teñen un importante impacto no éxito ou fracaso do comercio local.

6º.- Instar ao Goberno do Estado a pór en marcha un modelo de impostos xustos e equitativos para as grandes empresas que operan no comercio online, de xeito que fagan un esforzo fiscal cando menos igual ao que soportan o comercio e os produtores locais.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

E, ás 17.39 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.